



Clúster Turismo
de Galicia

A voz do turismo

www.clusterturismogalicia.com

Resumo da liña de axudas convocada pola Axencia de Turismo para a mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2019



Obxecto da axuda

- **Mellora da infraestrutura turística** da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a incentivación para a mellora das infraestruturas de establecementos de aloxamento turístico.
- Poden ser obxecto de subvención os seguintes investimentos:
 - Actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.
 - Obras destinadas á mellora das instalacións coa finalidade de obter certificacións de calidade, en especial a Q de Calidade Turística.
 - Actuacións destinadas á mellora da clasificación do establecemento que supoñan un incremento de categoría.
 - Actuacións de mellora da climatización que favorezan a sustentabilidade coa implementación de medidas de aforro enerxético.
 - Actuacións relativas á renovación e modernización das instalacións, así como embelecemento do contorno.
 - Renovación dos equipamentos mobles necesarios para o funcionamento do establecemento de aloxamento.





Gastos subvencionables

- Considéranse subvencionables todas as actuacións iniciadas a partir do 1 de xaneiro de 2019:
 - Os **investimentos netos** en que incorrese a entidade solicitante como consecuencia da realización de proxectos acordes cos requisitos e criterios indicados.
 - Os **gastos de obra e adquisición de bens mobles inventariables** vencellados coa execución do proxecto.
 - Servizos profesionais vinculados ao proxecto, como **honorarios técnicos** de redacción do proxecto e de dirección de obra. Os honorarios técnicos non serán superiores ao 6% do investimento neto admitido.



Gastos non subvencionables

- Adquisición de terreos, edificacións, locais e elementos de transporte
- Gastos correntes da empresa e a adquisición de material non inventariable
- Obras de mantemento do establecemento
- Seguros, taxas por autorizacións administrativas, licenzas ou similares
- Gastos de conectividade
- Activos adquiridos mediante leasing ou renting nin os que fosen fabricados, realizados ou desenvolvidos pola entidade solicitante



Intensidade

- **35% do investimento** subvencionable
- **35.000 € máximo.**
- Suxeitas ao réxime de **mínimis.**



Prazo

- **1 mes.** 28 de febreiro de 2019



Beneficiarias

- Personais físicas e xurídicas titulares de establecementos turísticos de aloxamento que reúnan os requisitos establecidos nas bases e estean **inscritas no REAT**, coa condición de **pequena e mediana empresa.**
- Deberá acreditarse unha antigüidade no exercicio da actividade no establecemento para o que se solicita a subvención non inferior a 5 anos á data de solicitude da axuda.



Documentación

- Solicitude da axuda.
- Documentación acreditativa da propiedade do inmovible.
- Documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da empresa.
- Memoria explicativa na cal se defina o investimento.
- Orzamento do investimento desagregado por partidas.
- Memoria explicativa sobre o cumprimento dos criterios de valoración.



Criterios de valoración

Máx. Puntos	Criterio
18	Antigüidade
15	Grao de investimento
10	Impacto no emprego
15	Tamaño da empresa
16	Posesión dalgún certificado de calidade para o sector turístico
16	Posesión dalgunha certificación ambiental internacionalmente recoñecida
10	Ter implantado un plan de formación / plan de igualdade



Xustificación

- Ata o 31 de outubro de 2019.





Obrigas dos beneficiarios

- Cumprir o obxectivo e realizar a actuación subvencionada.
- Manter a actividade subvencionada e a súa actividade en Galicia durante un periodo mínimo de 5 anos.
- Xustificación do cumprimento dos requisitos e das condicións.
- Someterse as actuacións de comprobación da Axencia e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- Comunicar a Axencia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas e a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.
- Dispor de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados segundo a lexislación mercantil,
- Estar ao día das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social.
- Os beneficiarios deberán dar publicidade do carácter público do financiamento.
- Incluir nas accións promocionais a marca turística de Galicia.
- Facilitar datos de forma periódica sobre a ocupación rexistrada no establecemento.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia toda a información necesaria para o cumprimento por parte da Axencia Turismo de Galicia das obrigas previstas no título I da Lei.
- Reintegrar, total ou parcialmente, o importe percibido, así como os xuros de demora, en casos de incumprimento.





Clúster Turismo
de Galicia

A voz do turismo

www.clusterturismogalicia.com

Cadea de valor do Clúster

OFERTA PRINCIPAL: Aloxamento / Campings / Turismo rural / Restaurantes / Cafeterías / Discotecas, salas de festa e pubs / Axencias de viaxe / Comerciante por xunto / Outros comercializadores turísticos

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: Rutas turísticas / Alugueiro de vehículos / Alugueiro de embarcacións / Balnearios / Servizos de interpretación / Turismo "mariñeiro" / Comercio e compras / Artesanía / Organización de congresos e convencións / Servizos turísticos complementarios

SERVIZOS: Espectáculos / Servizos de transporte / Formación e capacitación / Consultoría turística / Marketing e publicidade / Servizos lóxicos de congresos e convencións / Servizos náuticos / Servizos deportivos e de ocio / Contidos dixitais

EQUIPAMENTOS: Portos náuticos deportivos / Campos de golf / Infraestruturas de deporte e ocio / Recintos feirais / Auditorios e pazos de congresos / Museos / Outros equipamentos culturais / Aeroportos / Ferrocarril / Portos